

LIMIAR

Introduction

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que naceu co fin de dar a coñecer traballos académicos dos investigadores máis novos do ámbito da Filoloxía Galega —entendida esta nun senso amplo—, procedentes de traballos de fin de grao e mestrado, ou doutro tipo de investigacións.

Neste novo volume 4 de *CUMIEIRA* (2019) recóllense seis investigacións que tematicamente van dende a análise de fenómenos dialectais do galego, coma o *teísmo* ou a realización das oclusivas velares tras unha nasal, ata reflexións de corte sociolingüística sobre o tratamento das linguas na Educación Primaria en Galicia e das actitudes do alumnado ante as pronuncias dialectais do galego, pasando tamén por un estudo de sintaxe contrastiva entre o romanés e o galego e outro sobre o discurso fotográfico en Galicia. Todos eles están asinados por alumnado que foi ou é da Universidade de Vigo: algúns da Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo; outros da de Educación do Campus de Ourense.

Así, no capítulo inicial, Javier Benavides da Vila reflexiona sobre o ensino da lingua galega na Educación Primaria, sobre a natureza das linguas e a relación que establecen cos falantes, sobre os prexuízos cara ó galego e das relacións entre o estándar galego e as variedades dialectais. Segue o estudo de Lorena Puga Areal, no que confirma a existencia de *teísmo* (non facer distinción no sistema pronominal da segunda persoa entre *te* e *che*) en tres parroquias do concello de Tui, ademais de informar sobre a conciencia e percepción que del teñen os propios entrevistados. Pola súa banda, a partir de enquisas a falantes de Pazos de Borbén, Manuel Vilaboa Cebreiro describe a paisaxe dialectal deste concello no relativo á alternancia e nivelación na pronuncia que se dá no elemento velar dos grupos consonánticos /ŋg/ e /ŋk/ en casos como *chanqueta* / *changleta*. Vén a continuación o traballo de Brais Rodríguez Rodríguez, quen valéndose da técnica *matched-guise* indaga sobre os prexuízos do alumnado de 6º de Educación Primaria dun colexio do centro da cidade de Ourense despois de oír o mesmo texto en galego cunha pronuncia estándar e outra con marcas dialectais evidentes. Pola súa vez, as relacións entre linguaxe e fotografía, en tanto que sistemas de comunicación que re-presentan o mundo, é sobre o que reflexiona Raquel Vázquez Vázquez a partir da análise do arquetipo de muller

Cumieira 4. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

galega que translocen tres fotografías cunha figura feminina de tres épocas distintas dos fotógrafos Xosé Suárez, Virxilio Viéitez e Cristina García Rodero. Finalmente, no último traballo do volume, Sonia Sobral Vázquez realiza un estudo de gramática contrastiva de pronomes e tipoloxía oracional entre galego e romanés a partir da tradución a este idioma dun texto de Álvaro Cunqueiro.

Neste Vol. 4 de *CUMIEIRA* (2019), fixeron parte da Comisión de revisión científica, Benigno Fernández Salgado, Ana Iglesias Álvarez, Xosé Soto Andión, Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Benigno F. Salgado, a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

As páxinas de *CUMIEIRA* están abertas a calquera novo investigador ou investigadora no ámbito da lingua e literatura galegas, e tamén lusófonas, ou doutras linguas sempre que resulten de interese para o galego. No final do volume, logo das breves biografías das autoras e autores participantes, poden verse as *Normas* para o envío de orixinais.

Xosé A. Fernández Salgado
Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo